



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
LUÍS SEOANE



Erasmus+

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROXECTO LINGÜÍSTICO 2023/2027

IES LUÍS SEOANE

Aprobado en Claustro do día 20 e Consello Escolar do día 23 de outubro de 2023

PONTEVEDRA, OUTUBRO 2023

ÍNDICE

1.- MARCO LEGAL	3
2.- CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	3
3.- MATERIAS E LINGUAS	4
4.- MEDIDAS ANTE O INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	12
5.- OBXECTIVOS XERAIS	12
6.- LIÑAS DE ACTUACIÓN	13

1.- MARCO LEGAL

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

2.- CONTEXTO SOCIAL

Monte Porreiro é unha urbanización recente, situada ao leste do núcleo urbano da cidade de Pontevedra (centro xeográfico e capital da provincia e das Rías Baixas), da que dista 3km. Como datos máis relevantes da súa poboación debemos subliñar que esta é máis nova que a media do municipio; dentro da súa diversidade social, ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana e de inmigrantes de orixe africana ou de América do Sur fundamentalmente.

No grupo ISEC (Índice Socioeconómico e Cultural) no que se atopa o Centro, está catalogado de “baixo” e, segundo datos de 2019, Monte Porreiro é o barrio máis pobre da cidade.

Os equipamentos cos que conta na actualidade son: un centro de Educación Infantil 0-3 (Galiña Azul), unha escola de Educación Infantil (EEI Fina Casalderrey), un centro de Educación Primaria (CEP Marcos da Portela), adscrito a este Instituto, o centro asociado da UNED e un Centro Cultural, dentro do cal hai espazo habilitado para unha Escola Taller. En canto a equipamentos deportivos, conta cun pavillón multiúsos, un campo de herba sintética de fútbol e rugby, un campo privado de fútbol-sala e outro de pádel. A urbanización tamén conta cun Centro de Saúde de atención primaria. Ademais existe unha AA.VV. (O Mirador), a Sociedade Deportiva Monte Porreiro, Club de tenis de mesa, Asociación Promoción Xitana e Cáritas Parroquial. A parroquia é a do Bo Pastor.

Non podemos esquecer que, dada a súa proximidade á cidade de Pontevedra, ten acceso a outras ofertas como: Museo de Pontevedra, Teatro Principal, Pazo de Congresos e Exposicións, Arquivo municipal, Biblioteca Pública, Conservatorio de música, etc.

Dadas as características do barrio, o idioma de uso habitual é o castelán.

3.- MATERIAS E LINGUAS

BACHARELATO

1º BACH.		H	IDIOMA	2º BACH.		H	IDIOMA
ECONOM,EMPRND.,ACTIV.EMPRESA	4	G		PSICOLOXÍA (Opt) (2BAC)	4	G	
CULTURA CIENTIFICA (OP) (1BAC)	4	G		BIOLOXÍA (Opt) (2BAC)	4	G	
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (1BAC)	4	G		DEBUXO TÉCNICO 4H (Opt) (2BAC)	4	C	
ANTROPOLOXÍA	4	G		ECONOMÍA DESEÑO NEG. (Opt) (2BAC)	4	C	
DEBUXO TEC I (1BAC)	4	C		FÍSICA (Opt)(2BAC)	4	C	
ECONOMÍA (1BAC)	4	C		FRANCES (OP) (2BAC)	4		
EDUCACIÓN FÍSICA (1BAC)	3	C		HISTORIA (2BAC)	3	G	
FILOSOFÍA I (1BAC)	3	G		HISTORIA DA FILOSOFÍA (2BAC)	3	G	
FÍSICA E QUÍMICA (1BAC)	4	C		INGLÉS (2BAC)	3		
MATEMÁTICAS XERAIS		-		LATÍN (2BAC)	4	G	
GREGO (1BAC)	4	G		LINGUA CASTELA E LIT. (2BAC)	3	C	
HISTORÍA M. CONT. (1BAC)	4	G		LINGUA GALEGA E LIT. (2BAC)	3	G	
INGLÉS (1BAC)	3	-		HISTORIA DA ARTE (Opt) (2BAC)	4	G	
LATÍN (1BAC)	4	G		DEBUXO ARTÍSTICO II (OP) (2BAC)	4	C	
LINGUA CASTELÁ (1BAC)	3	C		MATEMÁTICAS (2BAC)	4	C	
LINGUA GALEGA (1BAC)	3	G		CIENCIAS XERALIS (2BAC)	4	G	
LITERAT. UNIVERSAL (1BAC)	4	C		MET. ESTAT. E N. (OP) (2BAC)	4	C	
TECN. DA INFORMACIÓN (1BAC)	4	C		QUÍMICA (Opt) (2BAC)	4	G	
MATEMÁTICAS (1BAC)	4	C		RELIXIÓN ((OP) (2BAC)	1	C	
DISP.CENTRO (1BAC)	1	G		DISP.CENTRO	1	C	
LING. PRC. MUSI (OP) (1BAC)	4	C		XEOGRAFÍA (Opt) (2BAC)	4	G	
RELIXIÓN (1BAC)	1	G		MOVEMENTOS CULT. E ART. (OP)	4	C	
TECNOLOXIA INXENERIA	4	C		TECNOLOXIAS DA INFORMACIÓN	4	C	
ANATOMÍA APLICADA	4	G		TECNOLOXIA INX.II /Hª MUSICA	4	C	
HORAS CAST		38		HORAS CAST		41	
HORAS GALEG		40		HORAS GALEG		37	

CICLOS FORMATIVOS FAMILIA DE ADMINISTRACIÓN e XESTIÓN

C.M. XESTIÓN ADMINISTRATIVA				S.SEM	IDIOMA		
CMADG01	ZMADG01	ORD	DISTANCIA				
INGLÉS				6	-	-	-
OPERACIONS ADMINIST. DA COMPRAVENDA				5	G	G	G
TRATAMENTO INFORMÁTICO DA INFORMACION				10	C	G	C
TÉCNICA CONTABLE				5	C	C	G
FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL				4	G	C	C
OPERACIONS AUXILIARES DE XESTION DE				6	C	C	G
TOTAL 1º (FCE)				36	9	15	16
COMUNICACIÓN EMPRESARIAL E ATENCIÓN A				7	G	G	C
EMPRESA E ADMINISTRACIÓN				7	C	G	C
OPERACIONS ADMINISTRATIVAS DE RECURSOS				7	G	C	G
TRATAMENTO DA DOCUMENTACION CONTABLE				6	C	G	C
EMPRESA NA AULA				9	G	C	G
TOTAL 2º (FCE)				36	23	20	16
				HORAS CAST	34	31	34
				HORAS GALEG	32	35	32

C.S. 1º ADMINIST. E FINANZAS				S.SEM	IDIOMA	
MODULOS	CSADG01	ZSADG01	ORD		DISTANCIA	
FOL				4	G	C
XESTIÓN DA DOCUMENT XURIDICA E EMPRESARIA				3	C	C
RECURSOS HUMANOS E RESPONS. SOCIAL CORP				3	C	C
OFIMATICA E PROCESO DE INFORM.				9	G	G
PROCESO INTEGRAL DA ACTIV. COMERCIAL				5	G	G
COMUNICACIÓN E ATENCIÓN A CLIENTELA				6	C	C
INGLES				6	-	-
TOTAL 1º (FCE)				36	18	14
XESTION DE RECURSOS HUMANOS				6	C	G
XESTION FINANCEIRA				7	G	C
CONTABILIDADE E FISCALIDADE				9	G	C
XESTION LOXISTICA E COMERCIAL				6	C	G
SIMULACION EMPRESARIAL				8	C	G
TOTAL 2º (FCE)				36	16	20
				HORAS CAST	32	32
				HORAS GALEG	34	34

C.S. ASISTENTE A DIRECCION				S.SEM	IDIOMA		
MODULOS	CSADG02				1º	2º	T
COMUNICACION E AT. CLI.				6	C		
FOL (AS. DIR.)				4	G		
INGLES (AS. DIR.)				6	-		
OFIMATICA E PROCESO DA INF.				9	G		
PROC. INT. DA ACTIV. COMERCIAL				5	C		
RR.HH. E RESPONSABILIDADE S.				3	C		
X. DOC. XURIDICA E E.				3	C		
TOTAL 1º (FCE)				36	13		
FRANCES (ASDIR)				9	-		
ORG. EVENTOS EMPRESARIAIS				9	C		
PROTOCOLO EMPRESARIAL				9	G		
X. AVANZADA DA INFORMACION				9	G		
TOTAL 2º (FCE)				36	18		
				HORAS CAST	17	9	26
				HORAS GALEG	13	18	31

FAMILIA DE COMERCIO

FP BÁSICA SERV. COMERCIAIS			
MÓDULOS	CBCOM01	S.SEM	IDIOMA
TITORIA (FPB1)		1	
TTO INFORMÁTICO (FPB1)		7	C
TEC. BÁSICAS MERCH (FPB1)		6	G
OPERA.AUXALMACEN. (FPB1)		5	G
CIENCIAS APLIC (FPB1)		6	C
COMUNUN. E SOCIE INGLÉS (FPB1)		2	-
COMUNUNICA E SOCIE (FPB1)		5	G
TOTAL 1º (FCE)		32	-
TITORIA (FPB2)		1	
APLIC.BÁSICAS OFIMÁTICA (FPB2)		10	C
ATENCIÓN Á CLIENTELA (FPB2)		3	G
PREP.PEDIDOS E VENTA PRO. (FPB2)		5	G
CIENCIAS APLICADAS 2 (FPB2)		7	C
COMUN. SOCIED2 INGLÉS (FPB2)		2	-
COMUNIC. SOCIEDADE 2 (FPB2)		4	G
TOTAL 2º (FCE)		32	
			1º 2º T
	HORAS CAST		13 17 30
	HORAS GALEG		16 12 28

C.M. ACTIVIDADES COMERCIAIS			
MÓDULOS	CMCOM01	S.SEM	IDIOMA
MARKETING NA ACTIV. COMERCIAL		6	C
XESTIÓN DE COMPRAS		3	C
APLICACIÓNS INFORMÁTICAS		5	G
FOL (AC. COM.)		4	G
INGLÉS (AC.COM)		6	-
DINAMIZACIÓN DO PUNTO DE VENDA		6	G
PROCESOS DE VENDA		6	C
TOTAL 1º (FCE)		36	-
TÉCNICAS DE ALMACEN		7	G
ADM. XEST. PEQUENO COM.		10	G
VENDA TÉCNICA		7	C
SERVICIOS DE ATENCIÓN COMERCIAL		5	C
COMERCIO ELECTRÓNICO		7	C
TOTAL 2º (FCE)		36	
			1º 2º T
	HORAS CAST		15 19 34
	HORAS GALEG		15 17 32

C.M. COMERCIALIZACIÓN DE PROD.ALIMENTARIOS			
MÓDULOS	CSCOM03	S.SEM	IDIOMA
ATENCIÓN COMERCIAL NEGOCIOS AL.		3	C
MERCADOTECNIA DO COMERCIO AL.		6	C
OFIMÁTICA APLICADA COMERCIO AL.		6	G
FOL (CPA)		6	C
preparación acond.prod fresco (C.Oroza)		8	G
seguridade e calida alim no comerc (C.Oroza)		3	C
TOTAL 1º (FCE)		32	-
XESTIÓN DUN COMERCIO ALIMENTARIO		4	C
DINAMIZACIÓN DO PUNTO DE VENDA AL.		3	G
LOXÍSTICA DE PRODUTOS ALIMENTARIÓN		6	G
CONSTITUCIÓN PEQUENOS NEGOCIOS AL.		6	C
COMERCIO ELECTRÓNICO NEGOCIOS AL.		8	G
INGLÉS. (CPA)		10	
TOTAL 2º (FCE)		37	
			1º 2º T
	HORAS CAST		18 10 28
	HORAS GALEG		14 17 31

C. S. 1º COMERC. INTERNACIONAL

MÓDULOS	CSCOM02	S.SEM	IDIOMA		
TRANSPORTE INTERNACIONAL DE MERC.		7	G		
FOL (C.I. LOE)		4	G		
XESTIÓN ECON. E FINANCIERA		7	C		
NEGOCIACIÓN INTERNACIONAL		5	G		
INGLÉS (C.I.)		6	-		
XEST. ADM. DO COMERCIO INTERNACIONAL		7	C		
TOTAL 1º (FCE)		36	-		
LOXÍSTICA DE ALMACENAMENTO		7	C		
SITEMA DE INFORMAC. DE MERCADOS		5	G		
MARKETING INTERNACIONAL		7	G		
FINANCIAMENTO INTERNACIONAL		6	C		
MEDIOS DE PAGO INTERNACIONAIS		5	C		
COMERCIO DIXITAL INTERNACIONAL		6	G		
TOTAL 2º (FCE)		36			
			1º	2º	T
	HORAS CAST		14	18	32
	HORAS GALEG		16	18	34

C.S. XESTIÓN DE VENTAS E ESPAZOS COMERCIAIS

MÓDULOS	CSCOM03	S.SEM	IDIOMA		
XESTIÓN ECONOM.FINANC.EMPRESA		7	C		
FOL (X.VEN)		4	G		
INGLÉS (X.VEN)		6	-		
MARKETING DIXITAL		7	G		
INVESTIGACIÓN COMERCIAL		5	G		
POLÍTICAS DE MARKETING		7	C		
TOTAL 1º (FCE)		36	-		
LOXÍSTICA DE ALMACENAMENTO		7	G		
LOXÍSTICA DE APROVISIONAMENTO		6	G		
ESCAPARATISMO E DESEÑO ESPAZOS COMERCIAIS		6	G		
XESTIÓN DE PROD. E PROMOC. NO PUNTO DE VENDA		6	C		
ORGANIZACIÓN DE EQUIPOS DE VENDAS		5	C		
TECNICAS DE VENDA E NEGOCIACIÓN		6	C		
TOTAL 2º (FCE)		36			
			1º	2º	T
	HORAS CAST		14	17	31
	HORAS GALEG		16	19	35

CS TRANSPORTE E LOXÍSTICA

MÓDULOS	CSCOM02	S.SEM	IDIOMA		
Comercialización do transporte e a loxística.		5	C		
Xestión administrativa do COME.INT.		7	C		
TRANSP. INTERNAC. MERCADORÍAS (T.LX.)		7	G		
XESTIÓN ECON. E FINANCIERA (T.LX.)		7	C		
FOL (T.LX.)		4	C		
TOTAL 1º		30			
INGLÉS. (T.LX.)		6	-		
XESTIÓN ADMVA. TRANS. E LOXÍSTICA (T.LX.)		7	G		
LOXÍSTICA DE ALMACENAMENTO (T.LX.)		5	G		
LOXÍSTICA DE APROVISIONAMENTO (T.LX.)		4	G		
ORGANIZ. DO TRANSP. VIAXEIROS (T.LX.)		3	C		
ORGANIZ. DO TRANSP. MERCADOR. (T.LX.)		5	G		
TOTAL 2º		30			
			1º	2º	T
	HORAS CAST		23	3	26
	HORAS GALEG		7	21	28

4.- MEDIDAS ANTE O INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

No noso IES existen e están consolidadas medidas específicas que se toman ante o insuficiente dominio das linguas cara a aqueles alumnos/ as que o precisan. Entre outras destacaríamos:

- Os reforzos na área lingüística para 1º e 2º da ESO (materia alternativa a Francés).
- Os apoios dentro e fóra da aula por parte das PT.
- As adaptacións curriculares (ACI) nas materias de Lingua Galega e Lingua Castelá en 1º ESO e 2º ESO.
- As exencións de Lingua Galega que permiten que o alumnado consiga unha adecuada competencia paulatinamente, sen a presión de ser avaliado.
- A atención individualizada por parte dun docente para aqueles alumnos/as que se acaban de incorporar ao noso sistema educativo procedente do estranxeiro, sempre que a carga lectiva do profesorado o permita.
- A existencia dunha biblioteca escolar que oferta recursos humanos e un fondo específico relativo á mellora da competencia lingüística, para ser utilizado polo alumnado e o profesorado que o precise.
- A existencia dos grupos de PDC para 3º ESO e 4º ESO.
- A colaboración entre os departamentos.
- As avaliacións iniciais en todas as ensinanzas do IES.
- As xuntanzas de Equipo Docente, trimestrais.
- O club de lectura *Cando lemos*, en galego, inglés e francés.
- O traballo cooperativo de Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos.
- A inclusión, como sinal de identidade do IES.

5.- OBXECTIVOS XERAIS

1. Promover o uso da lingua galega na comunidade educativa para evitar a progresiva substitución lingüística existente.
2. Participar na conservación e mellora do patrimonio lingüístico e cultural de Galicia.
3. Reforzar as actitudes de interese e respecto cara a diversidade lingüística e cultural, procurando a eliminación dos prexuízos existentes cara a lingua galega.
4. Favorecer a creación de contextos que propicien o uso e a adquisición por parte do alumnado de modos apropiados de expresión, modos eficaces de comunicación e modos correctos de relación interpersonal.
5. Dar prioridade ao desenvolvemento das competencias en comunicación lingüística (activas e pasivas) por entender que esta é a chave do desenvolvemento das outras competencias.
6. Procurar que, en todas as materias, se realicen actividades relacionadas coa correcta construción de textos e discursos, aplicando as propiedades da coherencia, adecuación, cohesión e corrección.
7. Primar a creación ou composición propia de calquera tipo de documento.
8. Incrementar o nivel de competencia activa (falar e escribir) e pasiva (entender e ler) na lingua propia de Galicia, en castelán e en linguas estranxeiras como vehículo de comunicación con outras comunidades (en especial as pertencentes á lusofonía) e de capacitación profesional.
9. Fomentar que o alumnado empregue as linguas estranxeiras como vehículo de comunicación, non só nas clases destes idiomas senón tamén nas disciplinas non lingüísticas (seccións bilingües e CUALE), actividades complementarias e extraescolares

(viaxes, intercambios, clubs de lectura) e durante a realización da FCT ou nas mobilidades (Erasmus+).

6.- LIÑAS DE ACTUACIÓN

As liñas de actuación do Plan Lingüístico do IES Luís Seoane son:

OFERTA EDUCATIVA

- Implantación, no curso 2013/14 da primeira sección bilingüe de inglés en 1º ESO, na materia de *Proxecto Interdisciplinar*; e no curso 2016/17, outra sección bilingüe de francés para 2º ESO, na materia de *Promoción de hábitos de vida saudable*. Na actualidade ofértase en 2º ESO, *Proxecto Competencial* en francés; e en 3º ESO, *Educación en Valores Cívicos e Éticos* en inglés.
- Oferta equilibrada de módulos impartidos en lingua galega e lingua castelá, para a Formación Profesional.
- Continuidade dos intercambios escolares, de prácticas laborais no estranxeiro, e dos Erasmus+ en todos os niveis e ensinanzas do IES.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

- Mantemento do Club de Lectura *Cando Lemos* en galego, castelán, francés e inglés.
- Utilización dos fondos da biblioteca escolar en sesión lectivas.
- Fornecemento de fondos da biblioteca: a demanda do alumnado para o seu tempo de lecer, segundo as necesidades dos departamentos ou para atender as necesidades daquel alumnado que presenta un insuficiente dominio das linguas.
- Participación no PLAMBE cun equipo de profesorado interdisciplinar e consolidado que desenvolve, como liña prioritaria, a atención á mellora da competencia lingüística do alumnado.
- Implementación do Proxecto Lector e do Plan Anual de Lectura por parte dos diversos departamentos didácticos.
- Incorporación do vocabulario propio das familias profesionais de administración e comercio en galego na actividade cotiá dos nosos ciclos formativos.
- Participación en todo tipo de actividades que fomenten a normalización da lingua galega: *Club de Debate*, *Ben Veñas Maio*, programas radiofónicos desde a radio escolar *Seoane no aire*, eventos, encontros, debates... para todas as ensinanzas, materiais ou módulos que se imparten do IES.

COMUNICACIÓN CO EXTERIOR

- Establecemento de relacións co barrio, as súas asociacións e coas institucións municipais.
- Comunicación e traballo conxunto con outras comunidades educativas, nomeadamente coas Escolas Asociadas á UNESCO, nacionais e estranxeiras, e outros centros educativos.
- Intercambios e recepcións de estudantes de fóra de Galicia.
- Mantemento de programas internacionais que favorecen as estadias do alumnado de FP nos países cos que se ten convenio: Portugal, Francia, Reino Unido, Polonia...
- Programación de numerosas actividades que incrementan a competencia comunicativa, tanto no instituto como fóra del: viaxes, realización de exposicións, teatro, camiños literarios...